



POR
Lois Pérez

O sepulcro da velutina

Estou na Mariña. Saio ao xardín da casa cos dous libros na man.

DENDE alí domino toda a ría de Viveiro. Da outra banda, O Fociño do Porco e máis aló, O Vicedo. Unha aparente calma percórreo todo.

O último libro de Roberto Saviano, 'Beso feroz' (Anagrama), faime pensar naquelas primeiras imaxes do confinamento en Italia, desacougantes: música de acordeón e xente bailando nos balcóns, case resignada á magnitude da traxedia, perfilando un sutil lenzo de surrealismo triste nos lindeiros da vida e a morte. O que une e separa a realidade da ficción. Neste novo volume, Saviano continúa a historia da Banda dos Nenos, organización mafiosa que opera en Napoli. O protagonista é Marajá, adolescente emerxido das vellas redes da mafia clásica. Ansa arrebatarlle o trono a Gatazo, outro dos

novos capos que exerce o monopolio na cidade. A lexitimidade das súas accións búscana nun código propio de valores e condutas que é cambiante e incoherente; modélanse para xustificar os seus actos, inzados de violencia, desexo de vinganza, mentira, falsidade e principios inmorais. As baixas paixóns. As formas do odio e a manipulación na interpretación dos feitos para o beneficio propio.

Mais non sei o que foi antes: se o clásico de Maurice Maeterlinck reseñado por Borges, 'A intelixencia das abellas', ou a praga de abella velutina enriba da miña cabeza no tellado da casa. Chegaron case imperceptíbeis hai un tempo. A súa acción é implacábel, obstinada e violenta. Parecen alleas e indiferentes á contorna, á presenza dos demais. E fiano todo ao seu obxectivo de supremacía e depredación.

Foron aumentando de número.

A organización da velutina e a da abella autóctona está fortemente xerarquizada. Tamén a da Banda dos Nenos. O día que recibimos a

visita do especialista, fíxonos notar as manobras das velutinas gardiás, especialmente perigosas se alguén ousase achegarse ao niño en construción que unhas cincuenta obreiras ciceaban incansábeis contra o tellado da casa. Ao igual que no libro de Saviano, cando os rivais de Marajá tentan entrar no barrio de Ponticelli e deben atravesar sucesivos exames de soldados e agochos da Banda de X ata chegar ao cuartel do capo, o especialista enfundou as proteccións e achegouse ao niño.

Primeiro percorreram uns metros a pé a estrada que vai da casa en dirección á praia de Esteiro. O do meu tellado, sendo impresionante para un profano na apicultura, non era máis có niño terciario, e era preciso dar cos dous anteriores. Eliminándolos, seríam máis probable que a abella raíña fose parar dentro do noso. E esta condición —que a raíña estea dentro del— é indispensable para acabar coas velutinas. O home achegouse devagar a un muro onde identificou dúas fendas con cadanseu niño. Verteu nelas unha substancia tóxica, advertíndome antes para que me puxese a cuberto. Por Maeterlinck souben que no panal o penúltimo chanzo xerárquico é o dos abáboros que tentan devorar os ovos fecundados. Mais por este heroe anónimo que me amosaba orgulloso os restos do niño da velutina descubrí a crueldade con que esta, aínda nun chanzo máis baixo, devora as abellas autóctonas e tamén as súas iguais. Chega a seccionarlles en primeiro lugar a cabeza. A crueldade nun grao superlativo. No libro de Saviano, a Carlitos Way —o nome de guerra dun dos protagonistas— arrincanlle varios dentes e unha moa cunhas tezas a xeito de advertencia.

Calquera realidade profunda require aprender a observa-la. Cómpre evitar tamén os paralelismos máis obvios. Volveamos ao xardín da casa e observamos unha actividade frenética arredor do niño. A presenza da raíña no interior revolucionáranlo todo. O perigo é un valor relativo. A nosa consideración do perigoso dáse en función de variábeis que se achegan máis ou menos ao límite dos valores absolutos. A vida, a morte, a supervivencia... O azul —a cor preferida das abellas— do ceo desta mañá na Mariña lembroume o de Capri. A illa puídémola ver dende o sur de Quarteri Spagnoli, outro dos barrios napolitanos onde transcorre a historia de Saviano. O especialista repetiu a operación no niño do tellado e decontado caeron no chandúas de velutinas mortas, incluída a raíña. Non volverían, pero agora era preciso eliminar o rastro. Colleu o niño na man, achegoumo e abriu. Até ese momento a imaxinación levárame ao panal das abellas que Maeterlinck abrira para min: colosais cúpulas e paredes de cera, celas perfumadas, prateadas e virxinais, inzadas de fermentos de amor de todas as flores da primavera e alimento abondo para varias semanas... Viveiro ao lonxe parece inerte. Lin tamén que as abellas entréganse mansas ao arrecendo do fume do abelleiro e así desisten de loita ningunha. As abellas, lonxe da colmea, morren de soidade aos poucos días.

Cando o home abriu o niño da velutina observei en silencio unha ordenada sucesión de baleiro distribuído en pequenas celas que nada poden albergar, ao igual có Marajá de Saviano. Ese é o único froito dunha senda de destrución, violencia e depredación.

É a penitencia de quen xoga a emperador.

